



CANDIDATURA

- | | |
|-------------------------------------|----------------------------------|
| 1. María Barral Varela | 11. Miguel García Varela |
| 2. Diego Fernández López | 12. Lucía Castaño Ramos |
| 3. Andrés Teijo Hermida | 13. Aitor Lesta Rodríguez |
| 4. Ana Belén Veiga Pita | 14. Paula Ois Fraga |
| 5. Ricardo Cheda Faraldo | 15. Lara Diz Iglesias |
| 6. María de los Ángeles Veiga López | 16. Elena Germade Fraga |
| 7. Andrés Pandelo Torres | 17. Xaquín Barral Varela |
| 8. María Jesús Regueiro Sánchez | |
| 9. Pablo Beade Perez | Suplentes: |
| 10. María José Sánchez Vázquez | 1. Antonio Vázquez Lorenzo |
| | 2. María Belén Villuendas Criado |



**Pensando
en Betanzos.
Nin máis, nin menos**

 @PSdeGPSOEBetanzos

 @MBarralVarela

**Pensando
en Betanzos.**

Nin máis, nin menos



**María Barral Varela
CANDIDATA Á ALCALDÍA 2023**



Pensando en Betanzos. Nin máis, nin menos

1 / 🏠 Pensando no patrimonio

- Continuar coa recuperación integral do Pasatempo.
- Cubrir o claustro do Complexo Cultural Vicente de la Fuente para optimizar o espazo do Museo, Biblioteca e Arquivo.
- Restaurar o edificio que hoxe acolle á Policía Local para crear un Centro de Interpretación do casco histórico.
- Continuar coa recuperación de fontes, lavadoiros, e crear rutas en torno a elas.
- Adecuación do Edificio de Sindicatos para acoller entidades betanceiras, á Policía Local e un espazo de *co-working* para emprendemento.
- Impulsar xunto co Ministerio de Turismo un Parador Nacional na contorna do casco histórico.
- Aprobación definitiva do PXOM (Plan xeral de ordenación municipal).

2 / 🏠 Pensando no casco histórico

- Transformación integral do Mercado Municipal e posta en marcha do mesmo como 'Urban Market'.
- Aprobación definitiva do PEPOCH. Plan Especial de Protección e Ordenación do Casco Histórico.
- Creación dunha zona pública de ocio infantil e de espazos verdes.
- Creación dun centro enogastronómico para promoción do viño de Betanzos e dos produtos de proximidade.
- Continuar coa recuperación das rúas do casco histórico.
- Mellorar a iluminación dos puntos turísticos máis emblemáticos.
- Creación de rutas peonís e ciclables.
- Activar programas de impulso ao emprendemento de novas actividades empresarias e comerciais.

3 / 🌿 Pensando no rural

- Creación dunha liña de transporte público de interés municipal.
- Continuar o Programa de pavimentación e mellora da seguridade en todas as parroquias.
- Programa permanente de actividades nos centros sociais municipais: ximnasia, memoria...
- Plan de renovación de equipamentos: parques infantís e pistas polideportivas.
- Esixir a cobertura de fibra en todo o rural betanceiro.

4 / 🚲 Pensando no medio ambiente e na mobilidade

- Creación dunha comunidade enerxética que dote de servizos á veciñanza e abarate a enerxía a particulares, empresas e Concello.
- Creación de rutas ciclables.
- Posta en marcha de zonas de carga eléctrica para vehículos, bicicletas e lanchas.
- Campa de varada na zona portuaria.
- Adquisición de varredoras eléctricas dentro do plan de limpeza.
- Servizo de aluguer de bicis eléctricas.
- Paseo na contorna do Mandeo e do Mendo.
- Hortos urbanos.
- Continuar coa eliminación de verquidos aos nosos ríos.
- Eliminación de vertidos e vertedoiros incontrolados.

5 / 🏰 Pensando no desenvolvemento turístico e económico

- Transformación do parque infantil do Pasatempo nun parque temático inclusivo.
- Potenciar o apoio ao comercio e a hostalaría local.
- Creación de zonas *wifi* de acceso aberto.
- Instalación de pantallas informativas nos barrios.
- Potenciar o apoio ás entidades sociais, deportivas, culturais e empresariais.
- Mellorar e dinamizar o mercado semanal cunha transformación integral.
- Consolidar a celebración de eventos como o Festival do Pasatempo ou o Locura Fest.
- Impulsar o uso do polígono de Piadela á procura do asentamento de novas empresas.
- Impulsar novas reducións impositivas de competencia municipal para facilitar a creación de novas actividades comerciais e empresariais.

6 / 📖 Pensando na educación e na cultura

- Impulsar melloras nos centros educativos públicos da cidade, en especial no Vales Villamarín.
- Ampliar a oferta da Universidade Senior no noso municipio.
- Creación dunha Escola de Música no Conservatorio.
- Colaboración cos centros educativos para impartir talleres de coeducación en igualdade, civismo, prevención de drogo dependencias, educación sexual...
- Creación da Cátedra de Turismo xunto coa universidade da Coruña que refrende o papel de Betanzos como referente no sector, así como o inicio de novas actividades educativas na cidade.
- Mellorar e potenciar as instalacións do Museo das Mariñas, da biblioteca e do Arquivo.
- Dixitalización universal dos nenos/as e mozos/as de Betanzos.
- Unir forzas xunto con outras administracións para a creación dun auditorio.

7 / 🏆 Pensando no deporte e na mocidade

- Incrementar a colaboración con todos os clubs deportivos betanceiros.
- Potenciar e mellorar as diferentes instalacións deportivas municipais e dar pasos cara a construción dun segundo polideportivo municipal.
- Programación estable de formación para a mocidade betanceira.
- Creación dun espazo 'BetanMozo' adicado ao ocio e lecer da mocidade no edificio de sindicatos.
- Creación dunha aula de estudo estable exclusiva para o estudantado.
- Ampliación da oferta deportiva con construción dunha pista de skate, dunha pista de salto de lonxitude, *pumptrack*, zona de calistenia, petanca, novas pistas de pádel, antiga ruta da auga, etc.
- Continuar coas rutas de sendeirismo, deporte nos ríos...
- Mellora de instalacións deportivas para a práctica federada.
- Continuar coa captación de novos eventos deportivos de primeiro nivel en distintas disciplinas.

8 / ❤️ Pensando no social

- Impulsar programas preventivos relacionados coa saúde mental en adolescentes.
- Ampliar o programa de envellecemento activo (escola de costas, viaxes, bailes, obradoiros...) e desenvolver novas actuacións para intervir nos casos de soidade non desexada.
- Reforzar os servizos de proximidade: axudas técnicas, xantar na casa, transporte adaptado, axuda no fogar ou teleasistencia.
- Completar os equipamentos sociais do municipio coa creación do centro de día para persoas maiores e discapacitadas, e do centro de información á muller (CIM).
- Desenvolver as 88 accións recollidas no IV Plan de Igualdade.
- Solicitar a inclusión da Escola Infantil Municipal na rede de "Galiñas Azuis" para unificar a atención á poboación de 0-3 anos.
- Potenciar a conciliación ampliando o servizo de comedor aos campamentos urbanos.
- Ampliar o Servizo de Atención Temperá (SAT) ata os 12 anos.

9 / 👥 Pensando nas persoas

- Humanización da praza dos Irmáns García Naveira.
- Humanización do Valdoncel.
- Renovación de todos os parques infantís con xogos inclusivos elaborados con materiais sostibles.
- Continuar ca eliminación de barreiras arquitectónicas.
- Creación de zonas de lecer na Condesa e no Xuncaliño.

